



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Matemáticas**

**Curso Académico: 2015/2016**

## Índice

<b>1. Introducción .....</b>	<b>2</b>
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....</b>	<b>3</b>
2.1 Estructura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGIC.....	3
2.2 Seguimento do SGIC.....	5
2.3 Actuacións máis relevantes .....	6
2.4 Indicadores do SGIC.....	6
<b>3. Plan de Melloras do Centro .....</b>	<b>13</b>
3.1 Revisión sobre o plan de melloras do curso 2014-2015 .....	13
3.2 Plan de melloras do curso 2015-2016 .....	14
<b>4. Anexo: Informes de seguimento .....</b>	<b>23</b>

## 1. Introducción

A Facultade de Matemáticas é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Matemáticas elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas, correspondente ao curso académico 2015-2016, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras do centro (revisión das accións de mellora do curso 2015-2016 e novas propostas para o curso 2016-2017), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas correspondente ao curso 2015-2016 foi elaborada pola Comisión de Calidade con data 06/03/2017 e aprobada na Xunta de Facultade con data 07/03/2017.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

### 2.1 Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGIC

**Ámbito de aplicación.** O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 atangue a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2015-2016 foron:

- Grao en Matemáticas.
- Máster en Matemática Industrial.
- Máster en Matemáticas.
- Máster en Técnicas Estatísticas.

O curso 2015/16 foi o primeiro da implantación dos programas de simultaneidade de estudos entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Físicas (Dobre Grao en Matemáticas e en Física DG-MF) e entre as titulación de Grao en Matemáticas e Grao en Enxeñaría Informática (Dobre Grao en Enxeñaría Informática + Matemáticas DG-EIM).

Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade corresponden ao Grao en Matemáticas (GM), ao Máster en Matemáticas (MM) e ao Máster en Técnicas Estatísticas (MTE) e ás accións de mellora do Máster en Matemática Industrial (M2I) tendo en conta que no curso 2016/2017 está en proceso de acreditación.

**Documentación de referencia.** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grao en Matemáticas da USC.
- Memoria do Máster en Matemática Industrial.
- Memoria do Máster en Matemáticas.
- Memoria do Máster en Técnicas Estatísticas.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade en Matemáticas.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Técnicas Estatísticas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as comisións de título, o/a responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

### MEMBROS DA CCC

- O/A decano/a da Facultade de Matemáticas, quen convocará e presidirá
- O/A responsable de calidade do centro (RCC)
- Os/As coordinadores/as de título: Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas. O/A Xestor/a de Centro (ou persoa que designe o/a decano/a)
- 2 membros do PDI de departamentos adscritos á Facultade
- 1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a)

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

### Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2015-2016:

**3 de novembro de 2015.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.-Informes
- 3.-Análise dos datos das titulacións da Facultade.
- 4.-Asuntos de trámite
- 5.-Rogos e preguntas.

**18 de novembro de 2015.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (achégase borrador).
- 2.-Informes de seguimento das titulacións do Centro.
- 3.-Asuntos de trámite.
- 4.-Rogos e preguntas.

**14 de xaneiro de 2016.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

Punto único: Memoria de Calidade do Centro.

**día 8 de xullo 2016.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

Punto único: Alegacións ao informe provisional de seguimento 2014/2015 do título de Máster Universitario en Matemática Industrial emitido pola ACSUG.

## 2.2 Seguimento do SGIC

O SGIC busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Matemáticas conta cun Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos".

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo que obrigou a unha modificación do SGIC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación do SGIC o 4 de decembro de 2013, coa que se simplifica a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

O "Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas", así como o "Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos" están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Matemáticas, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade.

[http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/Sistema\\_Calidade.html](http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/Sistema_Calidade.html)

A Comisión de Calidade e Planificación aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGIC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan só ao apartado 5 denominado Indicadores. Como consecuencia, o 29/10/2014 reúnese a Comisión de Calidade para aprobar a modificación do SGIC que foi aprobada posteriormente pola Xunta de Facultade o 19/12/2014. Esta nova versión do SGIC foi aprobada polo Consello de Goberno con data 4/02/2015.

O 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do

Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía Interna da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2015-2016 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

### 2.3 Actuacións máis relevantes

#### **Análise de datos das titulacións.**

Na súa reunión do 03/11/2015 a Comisión de Calidade do Centro realizou unha análise dos datos das titulacións da Facultade de Matemáticas para facer recomendacións ás comisións dos títulos cara á realización dos Informes de Seguimento dos títulos.

**Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas (curso 2015-2016).** Con data 06/03/2017, a Comisión de Calidade elaborou a Memoria de Calidade do centro correspondente ao curso 2015-2016 que foi aprobada en Xunta de Facultade o día 07/03/2017. Na memoria inclúese: (1) seguimento do SGIC, (2) informes do Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas, e Máster en Técnicas Estatísticas, (3) plans de mellora das titulacións e plan de mellora do centro para o curso 2016-2017.

### 2.4 Indicadores do SGIC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC, para o curso académico 2015-2016. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

Os novos indicadores dispoñibles a partir do curso 2015/2016 son:

IN49-PM-02 Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido

IN50-S01-PM-01 Taxa de éxito dos egresados

IN51-S01-PM-01 Taxa de idoneidade na graduación

IN52-S01-PM-01 Taxa de transición de estudantes de grao a máster

Na Táboa 1 se recollen os indicadores dispoñibles a nivel de centro. Os resultados dos indicadores a nivel de título se poden consultar nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

Debemos comentar que os datos de 2015-2016 que se amosan calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos en dito curso académico: Grao en Matemáticas (GM), Máster en Matemática Industrial (M2I), Máster en Matemáticas (MM) e Máster en Técnicas Estatísticas (MTE). Cabe tamén salientar que, no caso dos másteres interuniversitarios (M2I e MTE), o alumnado contabilizado é o matriculado na USC.

Comentaremos os aspectos máis relevantes dos indicadores, atendendo a criterios do informe de seguimento dos títulos.

### Organización e desenvolvemento

No curso 2015-2016 aumenta a oferta (IN01C-PC-05) da Facultade de Matemáticas con respecto ao curso 2014-2015 pola implantación da simultaneidade de estudos do Grao de Matemáticas co Grao de Física (Dobre Grao Matemáticas e Física) e co Grao de Enxeñaría Informática (Dobre Grao Enxeñaría Informática e Matemáticas). A matrícula de novo ingreso (IN03C-PC-05) no curso 2015-2016 é de 195 (121 estudantes de GM, 11 de GM en simultaneidade de estudos co Grao de Física, 11 de GM en simultaneidade de estudos co Grao de Enxeñaría Informática, 19 de MTE, 12 de MM e 21 de M2i), contabilizándose en novo ingreso o alumnado que provén de validación de estudos. A nota media de acceso por preinscrición no Grao foi de 9,52 puntos un aumento significativo con respecto ao curso 2014-2015 (8,14). Posiblemente o aumento do recoñecemento social das titulacións de Matemáticas e a implantación das simultaneidades de estudos influíron no aumento desta taxa.

A matrícula de inicio de estudos (IN04-PC-05) aumenta pasando de 171 a 191 alumnos/as. Debe terse en conta a diferenza entre o matrícula de novo ingreso e a matrícula de inicio de estudos, contabilizándose en novo ingreso o alumnado que provén de validación de estudos. A porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas (IN12-PC-05) é, polo tanto, dun 95,5% no curso 2015-2016.

O número total de alumnado matriculado no centro (IN02-PC-05) no curso 2015-2016 é de 572 (19 máis que en 2014-2015, 44 máis que en 2013-2014). Desagregado por títulos o número total de alumnado matriculado é de 482 alumnos/as de GM, 11 de GM en simultaneidade de estudos co Grao de Física, 11 de GM en simultaneidade de estudos co Grao de Enxeñaría Informática, 37 de MTE, 12 de MM e 35 de M2i.

En canto a datos de mobilidade de estudantado, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09-PC-05) nos títulos GM, M2I, MM e MTE é de 3,85%, sufrindo unha diminución respecto ao curso 2014-2015 (5.06%). A porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17-PC-



o8) é dun 4,55% para o curso 2015-2016, aumentando respecto á do curso anterior. Por outra banda diminuiu a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C-PC-08). Só se contabilizan aqueles estudantes cuxo centro de destino sexa a Facultade de Matemáticas, se ben é posible ter estudantes cursando materias específicas dos títulos ao abeiro de acordos de mobilidade.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C-PC-09) é dun 12,2% fronte ao 13.95% do curso 2014-2015.

### Información e transparencia

Ademais da información proporcionada pola páxina web da USC, a páxina web da Facultade <http://www.usc.es/mate> presenta información completa e detallada, dirixida tanto ao alumnado como ao outros colectivos.

Ademais dos contidos propios das titulacións vinculadas (obxectivos, plan de estudos, estrutura, horarios, etc.), a páxina web da Facultade presenta información actualizada sobre cursos, becas, saídas profesionais, ofertas de emprego, etc. Desde o centro preténdese que a web sexa a principal canle de comunicación con todos os colectivos de interese. Por tanto, tómanse en conta os comentarios que os implicados poidan facer en relación á accesibilidade e utilidade de contidos, tratando de identificar que aspectos resultan máis interesantes para cada colectivo co obxectivo de deseñar e manter páxinas para perfís específicos. Se ben non temos estatísticas sobre visitas aos diferentes contidos da web, consideramos, en base aos comentarios dos usuarios, que a información que proporcionamos, por exemplo, sobre bolsas e ofertas de emprego valórase positivamente. No “Informe sobre a enquisa de satisfacción de egresados (2014/2015)”, elaborado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC analizouse, entre outros aspectos, a satisfacción dos egresados coa información, xestión académica e reclamacións. De entre as opcións propostas a valorar en canto a súa idoneidade para obter información, a “información na propia Facultade/Escola ou Título (web propia, presentacións, ...)” acadou a mellor puntuación, cunha valoración media de 4,18 (sobre 5) no curso 2013-2014 e un 4,15 no curso 2014-2015.

### Recursos humanos

No curso 2015-2016 a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C-PS-01) foi dun 94,02%, maior á do curso 2013-2014 (90.32%). Estes indicadores calcúlanse cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GM, M2I, MM e MTE. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos, nin o profesorado doutras universidades que imparten docencia nos

títulos interuniversitarios. Por outro lado, diminúe novamente a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26C-PS-01), pasando dun 90.98% no curso 2013-2014 a un 87.1% no curso 2014-2015 e a un 84,43% no curso 2015-2016. As xubilacións (segundo datos da USC a idade media do PDI en 2014 era de 52.2 anos), xunto coa imposibilidade de reposición con PDI funcionario xustifican a diminución dos valores deste tipo de indicadores. Ás elevadas taxas de xubilación ás que lle unen as xubilación anticipadas do PDI, agravan o problema da non reposición de profesorado. É necesario incorporar novo PDI que garanta un número suficiente de futuros docentes ben formados e con experiencia. En relación a este aspecto, desde o plan de melloras do curso 2013-2014, inclúese unha acción de apoio ás solicitudes de incorporación de novo persoal, que se manterá tamén no curso 2015-2016.

### Recursos materiais

Pódese consultar información detallada sobre aulas, espazos e recursos informáticos postos a disposición dos estudantes dos títulos vinculados á Facultade nos correspondentes informes de seguimentos (Anexo).

Por outra banda, a biblioteca conta con 256 postos de lectura. A Facultade habilitou zonas de estudo nos niveis 2 e 4, que soen ser utilizadas para a realización de traballos en grupo. En relación aos fondos bibliográficos, a biblioteca dispón dunha colección de máis de 30000 volumes (monografías en papel) para investigación e docencia.

### Resultados da aprendizaxe

A taxa de rendemento calcúlase como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Este indicador se calcula para grao (IN34CG-S01-PM-01) e para máster (IN34CM-S01-PM-01). A taxa de rendemento no grao é do 61,82% que aumentou en relación ao curso 2014-2015 (55,12%), mentres que nos títulos de máster increméntase ata o 89,8%.

A taxa de éxito calcúlase como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Este indicador se calcula para grao (IN35CG-S01-PM-01) e para máster (IN35CM-S01-PM-01). A taxa de éxito é do 74,08% (68.46% no curso 2014-2015) en grao e do 99,14% (97.69% en 2014-2015) en máster.

A taxa de avaliación calcúlase como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios presentados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Este indicador se calcula para grao (IN36CG-S01-PM-01) e para máster (IN36CM-S01-PM-01). A taxa de avaliación é de 83,45% (80.52% no curso 2014-2015) en grao e do 90.07% en máster.

A taxa de graduación calcúlase como a porcentaxe de estudantes que finalizan os

estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. A taxa de graduación é do 30,77% en grao (IN37CG-S01-PM-01) e do 95,45% en máster (IN37CM-S01-PM-01) superior á do curso 2014-2015 (77,78%).

A eficiencia dos titulados, calculada como a porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano, é do 86.46% en grao (IN39CG-S01-PM-01) e do 96.6% en máster (IN39CM-S01-PM-01). Estes valores son os do curso 2014-2015.

A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG-S01-PM-01) límitase para as titulacións de Grao e acada, no curso 2015-2016, un valor de 33,96%, superior á do curso 2013-2014. Ademais, a taxa de abandono RD 1393 no Grao (IN41CG-S01-PM-01) que mide a porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior aumentou, pasou dun 31.03% no curso 2013-2014 e dun 36.07% no curso 2014-2015 a un 48,46% no curso 2015-2016.

### Indicadores de satisfacción e rendemento

Os resultados de indicadores de satisfacción incorpóranse a nivel de título e se poden consultar nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

En relación á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade, o indicador correspondente (IN16C-PC-08) acada un valor para o curso 2014-2015 de 5 (nunha escala de 1 a 5), non hai o dato do curso 2015-2016.

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	190	200
IN02C-PC-05	Matrícula	553	572
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	173	195
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	171	191
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	22,14	-1,17
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	8,14	9,52
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	84,85	99,41
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,36	0,87
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	5,06	3,85
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas	92,5	71,54

	ofertadas (Grao)		
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	90	95,5
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro	1,28	1,56
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	5	--
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,89	4,55
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,08	0,87
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	13,95	12,2
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	90,32	94,02
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,39	98,36
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	87,1	84,43
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	4,5	4,58
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	36,94	39,32
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	23,4	23,52
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	55,12	61,82
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	87,99	89,8
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	68,46	74,08
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	97,69	99,14
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	80,52	83,45
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	90,07	90,57
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación	29,51	30,77
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	77,78	95,45
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,75	5,33
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,57	1,48
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	86,46	86,46 (26/10/2015)
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	96,6	96,6 (26/10/2015)
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	14,42	33,96
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	36,07	48,46
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	0	4,55

IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo		4
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	1,92	1,92 (26/10/2015)
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados		86.6
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados		100
IN51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación		21,54
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		78,14
IN53CM-S01-PM-01...	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		100

Táboa 1. Indicadores do SGIC para o curso o curso 2014-2015 (data de explotación: 26/10/2015) e 2015-2016 (data de explotación: 24/10/2016).

### 3. Plan de Melloras do Centro

#### 3.1 Revisión sobre o plan de melloras do curso 2015-2016

Presentamos en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2015-2016, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento e plans de mellora das titulacións impartidas no centro.

REVISIÓN DA LISTAXE DE ACCIÓNS CURSO 2014/2015						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM1-PM1516-FM	Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras dos cursos 2013-2014 e 2014-2015. A acción derivase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas	Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución	Decana da Facultade	31/12/2016	Non (Continúa no plan de melloras 2016-2017)
AM2-PM1516-FM	A acción derivase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas, e xa fora incluída no plan de melloras do curso 2014-2015.	Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (estado de execución 75%)	Vicedecana da Facultade	31/07/2016	Non (Continúa no plan de melloras 2016-2017)
AM3-PM1516-FM	Informe de seguimento. Recursos humanos e revisión do plan de melloras de cursos anteriores. A acción derivase da análise realizada pola Comisión de Título, a proposta da coordinadora, no informe de seguimento 2013-2014	Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de Titulacións e PDI	Rematada	Decana da Facultade	31/12/2016	SI
AM4-PM1516-FM	Informe de seguimento. Recursos humanos. Informe de avaliación para	Apoiar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación	Rematada	Decana da Facultade	31/12/2016	SI

	a renovación da acreditación A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título do Grao en Matemáticas sobre o informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación					
AM5-PM1516-FM	Informe de Seguimento 2014-2015 das titulacións de Grao en Matemáticas e Máster en Matemática Industrial	Solicitude de renovación dos equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática	Rematada	Decana da Facultade	31/12/2016	SI
AM6-PM1516-FM	Informe de seguimento 2014-2015 do Máster en Matemática Industrial	Análise das temperaturas acadadas na aula de informática 5 e o seu acondicionamento para evitar os efectos causados polas altas temperaturas en determinados períodos de actividade docente	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (50%)	Decana da Facultade	31/12/2016	Non (Continúa no plan de melloras 2016-2017)

### 3.2 Plan de melloras do curso 2016-2017

A continuación, presentamos o plan de melloras da Facultade de Matemáticas para o curso 2015-2016. En primeiro lugar presentamos unha táboa resume e, a continuación, pódese ver a descrición das accións de mellora.

LISTAXE DE ACCIÓNS CURSO 2016/2017						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM1-PM1617-FM	Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras dos cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016. A acción derívase da análise realizada	Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución	Decana da Facultade	31/12/2017	

	pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas					
<b>AM2-PM1617-FM</b>	A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas, e xa fora incluída no plan de melloras do curso 2014-2015.	Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (estado de execución 50%)	Vicedecana da Facultade	31/07/2017	
<b>AM3-PM1617-FM</b>	Informe de seguimento. Recursos humanos e revisión do plan de melloras de cursos anteriores. A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título, a proposta da coordinadora, no informe de seguimento 2013-2014	Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de Titulacións e PDI	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	
<b>AM4-PM1617-FM</b>	Informe de seguimento. Recursos humanos. Informe de avaliación para a renovación da acreditación A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título do Grao en Matemáticas sobre o informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación	Apoiar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	
<b>AM5-PM1617-FM</b>	Informe de Seguimento 2015-2016 das titulacións de Grao en Matemáticas e Máster en Matemática Industrial	Solicitude de renovación dos equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	
<b>AM6-PM1617-FM</b>	Informe de seguimento 2014-2015 do Máster en Matemática Industrial	Análise das temperaturas acadadas na aula de informática 5 e o seu acondicionamento para evitar os efectos causados polas altas temperaturas en determinados períodos de actividade docente	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (estado de execución 50%)	Decana da Facultade	31/12/2017	



<b>AM7-PM1617-FM</b>	Informe de seguimento 2015-2016 do Máster en Matemática Industrial e do Master en Técnicas Estatísticas	Acadar financiamento para o mantemento dos equipos de videoconferencia das aulas asignadas aos mestrados da Facultade de Matemáticas da USC, en coordinación coa Facultade de Matemáticas.	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	
<b>AM8-PM1617-FM</b>	Informe de seguimento 2015-2016 do Máster en Matemática Industrial	Solicitar financiamento para a impartición de 1ECTS en cinco sesións o profesional externo dentro do Obradoiro de Metodoloxía de Proxectos.	Nova acción	Coordinadora xeral e da USC do M2i	31/12/2017	
<b>AM9-PM1617-FM</b>	Informe de seguimento 2015-2016 do Máster en Matemática Industrial	Solicitar financiamento para a impartición de 2ECTS en cinco sesións o profesional externo dentro da materia Software Profesional en Medio Ambiente..	Nova acción	Coordinadora xeral e da USC do M2i	31/12/2017	

**ACCIÓNS DE MELLORA PARA O CURSO 2016/2017**

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM1-PM1617-FM	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora (AM)	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 3
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de elaborar un plan estratéxico do centro, seguindo o procedemento P01-PE-01, como instrumento para o desenvolvemento da política de calidade da Facultade de Matemáticas.	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas	
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2017	
	<b>Data inicio</b>	16/12/2013		
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Decana da Facultade		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución		
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM2- PM1617-FM	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora (AM)	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de coñecer o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro. Levouse a cabo unha análise das distintas enquisas que ten a USC e que puideran achegar información sobre a satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e os servizos, comprobándose que a información obtida é limitada para a toma de decisións.	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro	
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2016	

		<b>Data inicio</b>	01/01/2014
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana da Facultade
<b>Finalización</b>		<b>Estado</b>	<p>Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (estado de execución 70%).</p> <p>A Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno, en base á convocatoria de axudas publicada o 14 de abril de 2015, estimou en reunión celebrada o 12 de xuño, a concesión dun bolseiro para a posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro. A incorporación de dito bolseiro permitirá a implementación de mecanismos de avaliación e valoración de resultados, e completar así esta acción de mellora</p>
		<b>Data estado</b>	
		<b>Comprobación</b>	
		<b>Data comprobación</b>	

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM3- PM1617-FM
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora (AM)
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 4
		<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>
	<b>Definición/descripción proposta</b>		Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de Titulacións e PDI
	<b>Data prevista de finalización</b>		31/12/2017
	<b>Data inicio</b>		23/01/2017
	<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>
<b>Finalización</b>		<b>Estado</b>	Nova acción
		<b>Data estado</b>	
		<b>Comprobación</b>	
		<b>Data comprobación</b>	

Definición	Acción de mellora	Código	AM4- PM1617-FM	
		Tipo	Acción de Mellora (AM)	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4
		Definición	Análise causa	Recomendación do comité de avaliación
			Definición/descripción proposta	Apoiar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación.
			Data prevista de finalización	31/12/2016
	Data inicio	23/01/2017		
Responsables	Responsable da implantación	Decana da Facultade		
Finalización	Estado	Nova acción		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

Definición	Acción de mellora	Código	AM5- PM1617-FM	
		Tipo	Acción de Mellora (AM)	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5
		Definición	Análise causa	Obsolescencia dos equipos das aulas de informática
			Definición/descripción proposta	Solicitud de renovación dos equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática.
			Data prevista de finalización	31/12/2016
	Data inicio	23/01/2017		
Responsables	Responsable da implantación	Decana da Facultade		
Finalización	Estado	Nova acción		
	Data estado			
	Comprobación			

	<b>Data comprobación</b>	
--	--------------------------	--

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM6- PM1617-FM	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora (AM)	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5
			<b>Análise causa</b>	Segundo se expón no informe de seguimento do Máster en Matemática Industrial, na aula de Informática 5, acádanse altas temperaturas
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Análise das temperaturas acadadas na aula de informática 5 e o seu acondicionamento incorporando un sistema de ventilación na aula da USC para evitar os efectos causados polas altas temperaturas en determinados períodos de actividade docente	
		<b>Data prevista de finalización</b>	29/12/2017	
<b>Data inicio</b>	18/11/2015			
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Decana da Facultade		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución		
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM7- PM1617-FM	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora (AM)	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5
			<b>Análise causa</b>	Os equipos de videoconferencia que se emprega para os masteres da Facultade na USC rematan a súa garantía sendo necesario renovala para garantir o normal desenvolvemento das actividades docentes do máster.
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Acadar financiamento para o mantemento dos equipos de videoconferencia das aulas asignadas aos mestrados da Facultade de Matemáticas da USC	
		<b>Data prevista de finalización</b>		
<b>Data inicio</b>				

		<b>Data prevista de finalización</b>	29/12/2017
		<b>Data inicio</b>	06/02/2017
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Decana da Facultade
<b>Finalización</b>		<b>Estado</b>	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución
		<b>Data estado</b>	
		<b>Comprobación</b>	
		<b>Data comprobación</b>	

Definición	Acción de mellora	Código	AM8- PM1617-FM	
		Tipo	Acción de Mellora (AM)	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4
			Análise causa	Dentro do Traballo Fin de Máster, no Máster en Matemática Industrial hai diferentes actividades formativas, como se recolle na normativa aprobada polo Consello de Goberno da USC ( <a href="http://www.m2i.es/?seccion=modulos&amp;modulo=trabajo">http://www.m2i.es/?seccion=modulos&amp;modulo=trabajo</a> ). Á actividade Obradoiro Metodoloxía de Proxectos (asignada á USC) corresponden 3ECTS, dous deles impártense por profesorado da USC e o terceiro por un profesional externo que se encarga de presentar a Gestión de proxectos con Microsoft Project 2010. Nomeadamente polo titulado no Máster en Enxeñaría Matemática pola USC Francisco José González Diéguez, Enxeñeiro Senior de Software (INDRA). Polo seu CV a Comisión Académica do M2i considera que é un profesional altamente cualificado para a materia que imparte. Atendendo ao cambio dos procedementos de reparto orzamentarios aos másteres na USC solicitamos financiamento para dita participación no marco das accións de mellora.
		Definición/descrición proposta	Solicitar financiamento para a impartición de 1ECTS en cinco sesións o profesional externo dentro do Obradoiro de Metodoloxía de Proxectos.	
		Data prevista de finalización	31/12/2017	
		Data inicio	06/02/2017	
Responsables	Responsable da implantación	Coordinadora xeral e da USC do M2i		
Finalización	Estado	Nova acción. Acción de mellora en proceso de execución, en anos anteriores solicítouse e concedeuse no marco da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA AS TITULACIÓNS DE MÁSTER OFICIAIS DA USC		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			
Definición	Acción de mellora	Código	AM9- PM1617-FM	
		Tipo	Acción de Mellora (AM)	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4
			Análise causa	Dentro da materia Software Profesional en Medio Ambiente asignada á USC: <a href="http://www.m2i.es/docs/modulos/MESimNumerica/SoftProfenSimulacionNumerica/SoftwareProfesionalenMedioAmbiente.pdf">http://www.m2i.es/docs/modulos/MESimNumerica/SoftProfenSimulacionNumerica/SoftwareProfesionalenMedioAmbiente.pdf</a> hai dous

		créditos impartidos por un profesional externo á USC. Nomeadamente polo Doutor pola USC don Francisco Javier Fernández Fernández do C.U Defensa. (Escuela Naval de Marín). Polo seu CV a Comisión Académica do M2i considera que é un profesional altamente cualificado para a materia que imparte. Atendendo ao cambio dos procedementos de reparto orzamentarios aos másteres na USC solicitamos financiamento para dita participación no marco das accións de mellora..
	<b>Definición/descripción proposta</b>	Solicitar financiamento para a impartición de 2ECTS en cinco sesións o profesional externo dentro da materia Software Profesional en Medio Ambiente.
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2017
	<b>Data inicio</b>	06/02/2017
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Coordinadora xeral e da USC do M2i
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	Nova acción. Acción de mellora en proceso de execución, en anos anteriores solicitouse no marco da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA AS TITULACIÓNS DE MÁSTER OFICIAIS DA USC
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

#### 4. Anexo: Informes de seguimento